



© do texto: María Pol
© das fotografías: María Pol
Impresión: Imprenta Amador Pérez.
Deseño e maquetación: David Rodríguez.
Edita: Concello de Redondela.

Dep. Legal: VG 33-2024

Iván Sestay recolleu e compartiu os
microtopónimos de Chapela na web de Galicia
Nomeada

*Este libro publícase grazas á subvención
dirixida aos concellos para as actividades de
dinamización da lingua galega do ano 2023,
convocada pola Deputación de Pontevedra.*



TOPONIMIA DE CHAPELA



MARÍA POL

Web Galicia Nomeada



Web Toponimia Redondela





Prólogo

Galicia é un dos territorios con maior densidade toponímica de Europa. Este dato explícase pola orografía do terreo, o minifundismo e a súa dispersa ocupación humana.

A documentación da microtoponimia, como paso previo para a protección e conservación deste patrimonio inmaterial, é unha urxencia. Hai topónimos antiquísimos, con moitos séculos de existencia, que aínda viven na fala e toman forma na lingua galega.

Por esta causa, o Concello de Redondela deseñou un ambicioso proxecto para cumprir con este fin. Unha das liñas de actuación foi a recollida e publicación en formato libro da microtoponimia parroquia a parroquia. Este é o resultado.

O Concello de Redondela agradece o traballo dos axentes que participaron. Desexamos ter contribuído a salvagardar un anaco da nosa cultura e da nosa memoria popular.

Redondela, 2023



Microtoponimia de Chapela. Análise

O topónimo de Chapela

Sobre este nome, o investigador Gonzalo Navaza (2007a: 123) indica que contén unha forma emparentada co substantivo común *chapa*, que na toponimia adoita designar pedras planas ou laxes. É unha palabra de orixe prerromana, dunha hipotética raíz *klapp- “pedra plana” (Corominas, 1987: 191). En todo o territorio galego só hai dúas parroquias con esta raíz, a redondelá e *Chapa*, en Silleda; ademais dun derivado *A Chapeleira* en Antas de Ulla.

A parroquia de Chapela ten cinco barrios: Angorén, Cidadelle, A Igrexa, Laredo e Parada. Entre os cinco rexistráronse 260 nomes nos cales hai terreos, vías, fontes, regos e construcións coma casas, lavadoiros ou pontes. A situación de Chapela no litoral, igual que outras parroquias do municipio coma Cedeira, fai que a súa toponimia menor tamén estea composta por talasónimos e outros nomes relacionados coas praias ou puntas costeiras.

Cómpre sinalar que todos estes nomes forman parte da toponimia menor ou microtoponimia, diferente da toponimia maior. Polo xeral, a toponimia menor queda esquecida, pois non ten tanta importancia económica e social coma os nomes das vilas (Chapela e os seus cinco barrios forman parte da toponimia maior). Así pois, grazas aos veciños e veciñas que colaboraron na recollida de todos estes nomes, que agora quedan aquí para que non se perdan na memoria.

Finalmente, cómpre ter en conta que a oralidade non sempre se corresponde coa escrita. Algúns topónimos na oralidade presentan o seseo e a gheada que caracterizan este concello costeiro da provincia de Pontevedra.

Orotopónimos¹

Adro, O

O *Adro* é un microtopónimo transparente que significa “terreo, xeralmente cercado, que adoitan ter as igrexas ao seu redor ou ben diante delas” (diccionario da Real Academia Galega). Vén do latín ATRIUM.

Area dos Penedos, A

Este microtopónimo referido a un terreo toma o seu nome da *Praia da Area dos Penedos*, situada moi preto. O nome *area* vén do latín ARENA e refírese a un lugar abundante en area. Por outro lado *penedo* é un derivado de PENA (resultado do latín PĪNNA “amea dunha muralla ou fortaleza”, “pináculo”, aínda que outros autores consideran máis axeitado relacionala co substrato prelatino, e máis en concreto cun tema **penn-/*-pinn-* “rocha, pena”, Álvarez Pérez, 2019: 101). Penedo formouse mediante o sufixo latino -ETU, que en galego deu -*edo*, propio dos colectivos. Así pois, en orixe o substantivo *penedo* faría referencia a un conxunto de penas, mais nalgúns casos fai referencia a unha pena grande. Seguindo o dito, A *Area dos Penedos* podería ser un lugar abundante en penas.

¹ Topónimos que fan referencia ao relevo e á constitución do terreo.

Arealonga

O nome *area* vén do latín ARENA e refírese a un lugar abundante en area. Na parroquia de Chapela atópanse diversas zonas e terreos chamados **Arealonga** e **As Areaslongas**. Así, o substantivo *area* vai acompañado do adxectivo *longa*, do latín LŌNGA. Estes adxectivos presentes nos topónimos fan referencia a diversas realidades caracterizadas pola súa forma alongada. Xa se documenta este nome no Catastro da Ensenada de 1760.

Baleiro, O

Nicandro Ares (2013: 1190), sobre o topónimo Baleira da provincia de Lugo, indica que puido ser un nome neutro en plural *VALLARIA, formado sobre o adxectivo latino VALLARIS, -ARE “valar”, referido a VALLUM “valo, estacada, trincheira, foxo”. Os portugueses teñen o topónimo *Valeira* e o nome común *valeira* “vala pequena”, derivado de *vala* “fosso para defensa de fortificación; canalización de águas”. Nesta liña semántica está o que se le no *Gran Diccionario Xerais da Lingua*: “*Valeira* s.f 1.Val situado nunha encosta. 2.Val extenso”. A mesma expresión atópase no *Diccionario da Lingua Galega de Alonso Estravís*.

O diccionario da Real Academia Galega actualmente define *valeira* como “val pequeno”. Porén, na parroquia de Chapela atopamos o nome **O Baleiro** e **O Baleiro do Camiño** en masculino e grafado con .

Banda, A

Os topónimos que conteñen o substantivo *banda* adoitan facer referencia á orografía: a banda de alí ou de aquí dun curso fluvial, dunha depresión do terreo etc. No diccionario da Real Academia Galega aparece definido como “territorio máis ou menos amplo situado á beira e nas proximidades dun río, ría, accidente xeográfico etc.” ou “Lugar indeterminado próximo a unha zona que se expresa”. Isto parece claro no microtopónimo **A Banda do Río** e tamén **A Banda da Cacharela** e **A Banda do Almacén**.

Barxa da Meda, A

Álvarez Pérez (2019: 46) sinala que *barxa* é un termo de orixe prerromana que fai referencia aos terreos situados nas marxes dun río

que con frecuencia se inundan. Adoitan ser terras húmidas onde a pouca pendente permite a existencia destas chairas que son facilmente asolagables. *Barxa* é unha variante fonética de *barcia*, resultado dun termo prerromano VARCĪNA ou VARCĒNA.

Neste caso temos o topónimo composto *A Barxa da Meda*. O segundo elemento, *Meda*, vén do latín MĒTA e adoita facer referencia a unha forma cónica e simétrica, como as medas ou montículos cónicos que se forman co cereal segado, para que seque antes da malla. O Nomenclátor de Galicia recolle 31 lugares chamados *Barxa* ou como parte dun composto.

Basaco, O

Os termos *Bazaco*, *Bazoco* e *Bazuncho* son probablemente da mesma familia ca o castelán BACÍA e BACÍN. Serven para denominar recipientes e na toponimia adoitan designar concavidades do terreo, onde se forman pozas cando chove moito. Semellan ser nomes de orixe céltica (Navaza, 2007b: 53). Na parroquia de Chapela rexístranse os nomes co seseo característico da zona: **O Basaco** e **O Basaco das Hortas**.


Bico, O

Bico procede dunha voz céltica **beccus*, que significa “pico”. Así pois, *O Bico* pode facer referencia á parte máis elevada dunha cousa que, polo xeral, remata en punta.

Bouzagarcía

O substantivo *bouza* é unha palabra galega de orixe prerromana e ten abundante presenza na toponimia. Na documentación altomedieval en latín adoita aparecer coas grafías BAUTIA, BAUCIA. O seu significado é o de lugares non cultivados con abundante vexetación de árbores e monte baixo (Navaza, 2007a: 93).

Neste caso estamos ante o topónimo **Bouzagarcía**, que parece indicarnos quen eran os posuidores da bouza (o mesmo ocorre noutros topónimos coma *Vilagarcía*). *García*, actualmente apelido, foi antes un nome persoal de etimoloxía discutida e algúns investigadores deducen a súa procedencia da forma vasca *artz* “oso”. No Catastro da Ensenada de 1760 aparece separado *Bouza García*. Tamén se atopa nesta parroquia **O Monte de Bouzagarcía**.



O apelido García é abundante en Galicia, ten 156.903 portadores, que en Redondela son 1.112.

Bouzas do Toxal, As

O substantivo *bouza* é unha palabra galega de orixe prerromana que ten abundante presenza na toponimia. Na documentación alto-medieval en latín adoita aparecer coas grafías BAUTIA, BAUCIA. O seu significado é o de lugares non cultivados con abundante vexetación de árbores e monte baixo (Navaza, 2007a: 93).

Neste caso, estamos ante o microtopónimo composto **As Bouzas do Toxal**, onde o segundo nome é *toxal*. Esta é unha palabra con valor colectivo derivada de *toxu* mediante sufixo *-al* (no latín *-ALE*). O toxo é un arbusto de grande importancia en todo o territorio galego que se empregaba a xeito de cama para o gando e, mesturado con excrementos, era empregado como abono de primeira calidade. Ademais de ser empregado como combustible ou como alimento para animais (Álvarez Pérez, 2019: 208). A forma *toxu* é unha voz propia de Galicia e zonas limítrofes, pois en castelán é coñecida co nome de *aulaga* ou *aliaga*.

Cachada, A

O substantivo *cachada*, formado sobre o participio do verbo *cachar* (do latín *CASCULARE “romper”), ten moita presenza na toponimia. Designa terras gañadas ao monte por ese procedemento. Moitos terreos de mato ou arboredo que no seu día foron cachados para dedicalos a cultivos, na actualidade son de novo terras de monte (Navaza, 2007a: 55). **A Cachada** é o nome dun terreo da parroquia de Chapela.

Campo, O

A voz *campo* (do latín CAMPUS “chaira”), significa ‘superficie extensa de terra máis ou menos plana, onde non hai vivendas e que en

xeral se pode dedicar ao cultivo’ (diccionario da Real Academia Galega). Este último significado que relaciona a voz campo cun lugar dedicado ao cultivo é, segundo indica Corominas, unha innovación romance. Na parroquia de Chapela atopamos microtopónimos como *O Campo da Fraga*, *O Campo da Mina*, *O Campo da Vila do Pozo*, *O Campo do Cocho*, *O Campo do Malote*, *O Campo do Reguiño* e *Os Campos da Coutada de Parada*.

O Campo da Fraga está composto por dous substantivos: *campo* e *fraga*. Sobre esta última voz, Navaza (2007a: 126) indica que é un substantivo emparentado co verbo latino FRANGO “romper” con abundante presenza na toponimia galega e noutras áreas do norte peninsular. Orixinariamente, facía referencia a formacións pétreas como penas e penedos ou a lugares pedregosos e de orografía difícil; un segundo significado fai de *fraga* un sinónimo de *bosque*, especialmente o bosque meste e dificilmente transitable. Calquera destes dous significados puido dar orixe ao nome do lugar.

Cantil de Socruceiro, O

O microtopónimo **O Cantil de Socruceiro** está composto por dúas formas. En primeiro lugar, un *cantil* é un “terreo abrupto en forte pendente” (diccionario da Real Academia Galega) e, en segundo lugar, a palabra *Socruceiro* indícanos a localización do cantil por debaixo dun cruceiro (derivado de *cruz*, do latín CRUX, CRUCIS) e probablemente se refira ao *Cruceiro do Cristo da Encarnación*. A preposición so-vén do latín SUB que significa por debaixo e tamén se presenta na toponimia baixo a forma *su-* como en *Subalo* (debaixo do valado).

Chan, A


No galego occidental conflúen nun mesmo resultado *chan* (O Chan, A Chan) o masculino e o feminino correspondentes ao latín PLANU, PLANA, a diferenza do que sucede noutras áreas galegas nas que si que se diferencian: o masculino *o chao* / *o chau* e o feminino *a chá*. Normalmente, estes nomes designan zonas caracterizadas pola súa orografía. Así, temos **A Chan de Abaixo**, **A Chan de Arriba**, **A Chan do Achado**, **A Chan** e **A Chan do Cubillón**, que poden ser lugares planos onde os animais se deitaban.

Cocho, O

O substantivo *cocho* xunto cos seus derivados ten moita presenza na toponimia galega suroccidental. Ademais do comunmente coñecido *cocho* como sinónimo de *porco*, tamén garda relación co verbo *acochar* co significado de *abrigo*. Agora ben, neste caso é probable que designe un anaco de terra con linde a un paso común tal e como na fala oral fan emprego do termo *cocho*. No dicionario da Real Academia Galega dise tamén que un *cocho* é un “lugar cuberto ou agochado, como un cortello, un tobo etc., onde habitan ou se refuxian certos animais.”

O dicionario de Eladio Rodríguez define esta acepción de *cocho* como “trozo pequeno de un terreno labradío que se dedica a otro cultivo”. Tanto *acochar* como as súas variantes agochar e agachar son palabras de orixe incerta, talvez prerromana (Navaza, 2007a: 97). O Nomenclátor de Galicia recolle dous lugares chamados *O Cocho*, un en Vigo e outro na Cañiza.

Na parroquia de Chapela recóllense os nomes de **O Cocho da Regueira**, **O Cocho da Viña**, **O Cocho de Angorén**, **O Cocho de Miguel**, **O Cocho de Tizón**, **O Cocho do Muro**, **O Cocho do Cubillón**, **O Cocho do Sitio** e **O Cocho Redondo**. Na imaxe pódese ver o topónimo **O Cocho da Viña** no Catastro da Ensenada de 1760.



Con da Meda, O

O dicionario da Real Academia Galega define *con* como “pedra de gran tamaño, especialmente a que se atopa nas proximidades da costa e sobresa da superficie da auga, ás veces só cando baixa o mar.” A etimoloxía de *con* é controvertida: a hipótese romance derivaa do latín CONU, pola forma cónica da pena, mais a prelatina atribúeo ao substrato celta. Por outro lado, Corominas propón unha etimoloxía **kauno* (Navaza, 2005: 331).

O segundo elemento, *Meda*, vén do latín MĚTA, posiblemente fai referencia á forma cónica e simétrica da pedra que designa, como as

medas ou montículos cónicos que se forman co cereal segado, para que seque antes da malla. Este é un nome frecuente na parroquia de Chapela, posto que se atopan **A Barxa da Meda, A Ribeira da Meda, A do Puntal da Meda e As Casiñas da Meda.**

Cornello, O

Boullón Agrelo (1999: 177) sinala que *Cornello* pode derivar de *cornio*. Por outro lado, Kremer considera que non vén do nome latino *Cornelius*, senón que pode remitir a un alcume. Tamén indica que no galego *cornello* significa “parásito nas flores do centeo” e viría do latín CORNICULUM “cornio”. Ademais, hoxe en día *cornello* ten o significado de “ángulo que se forma cando se xuntan ou conflúen dúas paredes ou superficies” (diccionario *Digalego*), o que nos pode indicar que o terreo se atopa nunha esquina.

O Cornello de Enriba da Dárzana é un microtopónimo da parroquia de Chapela formado por diversos elementos. Este indícanos a súa situación a través do adverbio “enriba” (do latín RĪPA “ribeira”), pois o *Cornello* está por riba da *Dárzana* (que sería unha variante fonética de Dársena). Para esta palabra véxase a entrada *Dársena Nova, A*. Tamén se recolle **O Cornello do Río**. O Nomenclátor de Galicia recolle o lugar *Cornello* no concello de Abadín.

Costa, A


O topónimo *A Costa* está ligado co substantivo homónimo, do latín CŌSTA “costela; flanco, costado”; trátase dunha acepción figurada común a todos os romances para designar a ladeira dunha montaña. En galego, *costa* tamén fai referencia a un terreo en pendente (Gómez e Méndez, 2022: 40). Na parroquia de Chapela recóllense **A Costa da Barracrista e A Costa da Rabexa**, referidos a topónimos viarios, e dous nomes *A Costa*.

Coutada, A

O substantivo *coutada* é o participio do verbo *coutar*, creado a partir de *couto* (nome que provén do latín CAUTU, participio de CAVERE “protexer, defender, coidar”). Un *couto* é un territorio afectado por determinados dereitos de propiedade ou xurisdición.


O Nomenclátor de Galicia recolle once lugares chamados *A Coutada* ou *As Coutadas*. *A Coutada* da parroquia de Chapela pode facer

referencia a un sitio que foi privatizado e que adoita linder co monte comunal. Tamén se rexistran **A Coutada de Parada** e **A Coutada Grande**. No Catastro da Ensenada aparece o nome rexistrado.



Cova da Vella, A

Cova, ademais de como substantivo co significado de “cavidade natural ou artificial no terreo”, pode funcionar como un adxectivo (feminino de *covo*), que describe un terreo cóncavo. Procedede dun termo hispano COVA (en latín era dito CAVA) e algúns autores pensan que é un termo dialectal de Italia, mentres que outros pensan que é un celtismo. Na parroquia de Chapela atópase **A Cova da Vella** (do latín VETULA), xa documentado en 1760 no Catastro da Ensenada.



Cubillón, O

Sobre *Cubillón*, Nicandro Ares (2013: 1195) (acerca do nome *Cubilledo*, co que parece compartir a raíz *Cubill-*) indica que provén de CUBICULUM/CUBILIA, un “sitio onde os animais silvestres se acouchan para dormir, cubil”, derivado de CUBARE “deitarse”. Ares tamén indica o que Pensa-do considera sobre estes nomes: “La base *cubill-* es difícil de explicar como un fitónimo, encambio podría justificarse con el lat. *cubilia* o *cubic'l-*. Sin embargo, es aventurado decidirse por cualquiera de estas posibilidades por falta de tradición escrita que nos ayude a reconstruir el punto de partida”.

Na parroquia de Chapela temos os terreos **O Cubillón de Arriba** e **O Cubillón de Abaixo**. Xa se documenta no Catastro da Ensenada.

Devesa, A

O topónimo *Devesa* procede do latín serodio *(TERRA) DEFENSA “terra coutada”, “terra ou territorio cercado”, e sinala antigas devesas ou grandes fincas pechadas que podían ser as devesas do rei e eran empregadas para a produción de madeira. Noutras ocasións o topónimo *A Devesa* ten menos pretensións e sinala áreas coutadas máis pequenas, propiedade de particulares (Cabeza Quiles, 2018: 65).

Na parroquia de Chapela temos **A Devesa da Centieira**, **A Devesa de Arealonga**, **A Devesa** e **A Devesa do Cubillón de Arriba**. Este último é un microtopónimo composto de tres elementos: dous substantivos e un adverbio; sobre o segundo elemento, véxase a entrada *Cubillón, O*.

O segundo elemento de **A Devesa da Centieira** deriva de *centeo*, máis concretamente dunha forma latina CENTENARIA que tamén ten presenza no país veciño, Portugal. Este cereal tivo moita importancia na economía e alimentación tradicionais de Galicia; adoitaba ser un dos produtos agrícolas con que se pagaban rendas e foros (Navaza 2006: 194).

Eiras

Eira é un substantivo común galego que designa un lugar aberto, plano e de terra firme, onde se mallan os cereais e se limpan os grans. Procede do latín AREA “área” (Navaza, 2007a: 97) e é unha palabra de uso frecuente en Redondela para referirse a un terreo situado preto da casa dedicado a tarefas agrícolas. Na parroquia de Chapela rexístranse **Eiras Baixas** e **As Eiras de Parada**.

Enxido da Eira, O

Do latín EXITUM “saída”, participio do verbo EXIRE “saír, ir fóra” procede o galego *eixido*, paralelo do castelán *ejido*, nomes que en orixe designaban o terreo inmediato á casa, habitualmente con horta, viña e árbores froiteiras. Neste caso trátase dun microtopónimo composto polos substantivos *enxido* e *eira*. A forma *enxido* é a variante máis común no galego da diocese de Tui.

Fondo / Fondón

O adxectivo e substantivo *fondo* (do latín FUNDU) na toponimia fai referencia á orografía do terreo e designa lugares que se sitúan nun

plano inferior respecto do seu contorno (Navaza, 2007a: 59). Na parroquia de Chapela rexístranse nomes como **Fondo de Laredo** e **O Fondón da Grila**, que nos indican a súa situación dentro doutros lugares. O primeiro xa aparece no Catastro da Ensenada:



Grande, A

A *Grande* é un microtopónimo transparente que fai referencia ao tamaño do terreo. É probable que *grande* fora un adxectivo modificando a un substantivo como *terra* ou *eira* (*A (Terra) Grande*) que se acabou perdendo.

Laredo

Corominas estudou o topónimo *Laredo* pertencente á Comunidade de Cantabria e rexeita a tese de que se trate dun nome relacionado co latín LARIX “alerce, árbore propio das alturas” por ser un topónimo situado preto do mar. O mesmo ocorre co **Laredo** da parroquia de Chapela. Para este nome, Corominas propón a etimoloxía *GLARETUM “areal, lugar cheo de cascallos”, xa que o grupo gl- é reducido normalmente a l-.

Así, nesta parroquia temos o diminutivo **Larediño** e as formas **Laredo**, **Laredo de Abaixo** e **Laredo de Arriba**. A forma *Laredo* aparece no Catastro da Ensenada de 1760.

Laxe

O substantivo común galego *laxe* é unha palabra de orixe prerromana, posiblemente céltica, que se incorporou como LAGENA ao latín do noroeste hispánico. Os dicionarios definen *laxe* como “pedra de superficie lisa”. Ten moita presenza na toponimia de Galicia e o Nomenclátor recolle noventa e cinco localidades en cuxo nome está presente este substantivo. Na parroquia de Chapela atopamos **A Laxe Partida** e **As Laxes da Ribeira**.

Monte


A palabra *monte* (do latín MONS, MONTIS) fai referencia a unha elevación do terreo, pero tamén se emprega para designar os terreos cubertos de vexetación espontánea como toxos, silvas, arbustos, fentos etc., que poden estar poboados de árbores.

Hai máis de 300 lugares que teñen a palabra *monte* na súa denominación, ben sexa en solitario *O Monte* ou como parte dun composto. Neste caso temos nomes compostos como **O Monte da Vispeira**, **O Monte de Bouzagarcía**, **O Monte Grande**, **O Monte Pequeno** e o diminutivo **O Montinho de Sicalques**.

Outeiro

A orixe etimolóxica do topónimo *Outeiro* é controvertida. A maioría das interpretacións etimolóxicas sinalan ALTĀŘĪU, derivado do latín ALTUS, como étimo do substantivo *outeiro* “pequena elevación do terreo illada e de pouca extensión”. Porén, outros autores sinalan que *outeiro* é unha formación romance a partir da raíz *outo* (< ALTU) co sufixo *-eiro* (Gómez e Méndez, 2022: 54). Este topónimo é moi frecuente en todo o territorio. O Nomenclátor rexistra máis de cincocentos lugares chamados *Outeiro*, *O Outeiro* e derivados en Galicia.

Na parroquia de Chapela atopamos o nome **O Outeiro de Fiáns** e **O Outeiro do Cubillón**, para saber máis sobre o segundo nome véxanse as entradas *Fiáns* e *Cubillón*, *O*. No Catastro da Ensenada xa se menciona o “Sitio do Outeiro”.



Parada

A orixe do nome deste barrio de Chapela refírese a un descanso orográfico; é dicir, a unha parada dun camiño. Isto compróbase na localización desta parroquia na zona alta e menos pendente. *Parada* é o participio latino de PARATUS, A, UM, do verbo PARARE “parar, facer unha parada nunha viaxe, nunha pousada ou mesón”. Tamén se rexistra o topónimo *Paradiña*, que é o diminutivo de parada.

Punta, A

O substantivo *punta* adoita facer referencia ao extremo dun terreo alongado e estreito. Porén, na parroquia de Chapela temos **A Punta**, **Punta das Avanzas** e **Punta do Secador** e estes dous últimos fan referencia a dous accidentes costeiros, polo que poderían ser considerados talasónimos.

Rañagatos

Sobre a palabra *Raña*, Gonzalo Navaza (2007a: 68) indica que, malia a abundancia en topónimos galegos que conteñen esta palabra e os seus derivados (Rañoa, Rañó, Rañoá, Rañadoiro, Rañestras...), non se coñece ben o significado orixinario destas formas, que son probablemente voces de orixe prerromana e sobreviven unicamente na toponimia. Téñense asociado ao verbo *rañar* “raer”, o que levou a pensar que denominaron terreos sen vexetación ou de vexetación baixa. Nalgúns ocasións, os topónimos que conteñen esta forma designan áreas na ribeira dun curso fluvial raídas pola erosión das augas ou alteradas artificialmente para crear un relanzo no río.

Neste microtopónimo chapeleiro obsérvanse dúas palabras *raña* e *gatos*. O segundo elemento, *gatos*, fai referencia á fauna.

Ribeira

Ribeira, procede do latín RIPARIA “ribeira” e este de RIPA “ribeira, costa, terreo costento lindeiro coa beira dun río ou regato”. É un nome de lugar moi frecuente en Galicia, referido a ribeiras de río ou de mar. En Galicia existen moitos lugares chamados *A Ribeira*; o topónimo sen artigo, *Ribeira*, é menos frecuente (Cabeza Quiles, 2020: 146).

Na parroquia de Chapela temos os nomes **A Ribeira de Angorén** e **A Ribeira de Rañagatos** (para os segundos elementos véxanse as correspondentes entradas *Angorén* e *Rañagatos*). Ademais, rexístrase o diminutivo *ribeiriña* en **A Ribeiriña do Cubillón**. Este último e **A Ribeira da Meda** e **Ribeiro da Meda** fan referencia a accidentes costeiros, polo que poderían se clasificados como talasónimos.

Sicalques

Podería ser unha alteración da palabra *sucalcos*. Un *sucalco* ou *so-calco* é un termo agrícola referido á técnica de conter un determinado

terreo de cultivo cun valado de pedra nun terreo moi pendente. Na parroquia de Chapela rexistramos **Sicalques de Embaixo** e **Sicalques de Enriba**.

Sitio, O

O *Sitio* é o lugar que ocupa, ou pode ocupar, algo ou alguén, e tamén un lugar apropiado para algo. É un nome transparente que vén do latín *SITU*. Na parroquia de Chapela hai varios lugares con este nome: **O Sitio de Fóra**, **O Sitio de Lugar da Chan**, **O Sitio Vello da Coutada** e **O Sitio**.

Terranova

Terranova é un topónimo transparente formado polo substantivo *terra* e o adxectivo *nova*, probablemente antes *A Terra Nova*, que acabou acurtado pola propia fonética en *Terranova*. Na parroquia de Chapela rexístrase **Terranova** e **Terranova do Sur**.

O Nomenclátor de Galicia rexistra un lugar chamado *A Terranova* no concello de Crecente.

Veiga

Os topónimos *A Veiga* fan referencia a un “terreo baixo, amplo e fértil xeralmente ás beiras dun río” ou a un “terreo de cultivo”. Vén do substantivo *veiga*, considerado unha voz prelatina, crese que a orixe de *veiga* hai que buscala no ibero *VAIKA* “veiga”, de *vai* “río” e o sufixo *-ka* “rexión do río” ou na expresión (TERRA) *(I)BAIKA “terreo á beira dunha corrente de auga”, emparentada coa voz vasca *ibai* “río”. Como sucede no caso de *val*, non é doado saber se a aplicación toponímica obedece a unha acepción topográfica ou apunta cara a unha “propiedade rústica situada nese espazo” (Marqués Valea, 2018: 160).

Na parroquia de Chapela rexístranse numerosos topónimos formados por *veiga* + de + nome, sexa este un nome relativo a unha posición, unha característica, un lugar ou un nome propio ou alcume. Así, temos **A Veiga do Carreiro**, **A Veiga do Cocho**, **A Veiga do Eido**, **A Veiga do Sitio do Norte**, **A Veiga do Sitio** e **A Veiga do Sorreguío**.



Topónimos viarios²

Camiño de + nome

O substantivo *camiño* “vía que comunica dous ou máis lugares” é moi abundante na toponimia galega e remite a unha forma *CAM-MINU, voz de orixe céltica introducida no latín (Martínez Lema, 2018: 26).

A denominación das vías públicas no medio rural resulta problemática pola falta de correspondencia entre as novas realidades urbanas e os espazos tradicionais. En moitos casos de todo o territorio galego existen confusións por erros na rotulación, polo que ás veces hai que distinguir entre a denominación de sempre e a considerada oficial.

Topónimos como *O Camiño Real* permiten reconstruír a rede viaria do pasado, xa que estes eran os camiños principais desa rede; moitas das estradas actuais seguen o trazado das antigas vereas ou camiños reais. Tamén temos o **Camiño Real de Laredo** e o **Camiño Vello do Leitón**.

Canexa, A

A *Canexa* pode ser un derivado formado a partir do latín CANNA “cana” e o pouco habitual sufixo *-exa*, que ten escasa presenza na to-

² Topónimos que fan referencia ás vías de comunicación.

ponimia. Segundo Álvarez Pérez (2019: 51), na toponimia hai moitos nomes derivados de *cana* que non son fitotopónimos, senón que aluden ao concepto de “cilindro oco” de xeito metafórico, pois estas plantas poden asociarse a el de xeito claro. Moitos deles fan referencia a conducións de auga, podendo confluír con derivados de CANALE. Porén, neste caso temos dous nomes **A Canexa**, un fai referencia a un camiño estreito e outro a un terreo. Tamén se rexistra unha vía chamada **A Canexa de Laredo de Abaixo**.

No Catastro da Ensenada de 1760 xa se documenta este microtopónimo.

Corredoura

Corredoura é a variante característica do galego da diocese tudense e doutras áreas suroccidentais, correspondente ao galego común *corredoira*. Segundo Carrasco e Navaza (2014: 80), este substantivo aparece como CURRITORIA ou CORRITORIA no latín dos documentos medievais, e é un derivado do verbo *correr* (do latín CURRE-RE); designa un camiño entre valados e herdades que permite o paso de carros. Na parroquia de Chapela temos os nomes **Corredoura da Barracrista** e **Corredoura da Coutada**.

O Nomenclátor de Galicia recolle máis de sesenta entidades de poboación chamadas (*A*) *Corredoira* ou (*As*) *Corredoiras*, mentres que a variante *Corredoura* só está presente no nome de dous núcleos de poboación nos concellos de Salvaterra de Miño e de Tui.

Costa, A


O topónimo *A Costa* está ligado co substantivo homónimo, do latín CŎSTA “costela; flanco, costado”; trátase dunha acepción figurada común a todos os romances para designar a ladeira dunha montaña. En galego, *costa* tamén fai referencia a un terreo en pendente (Gómez e Méndez, 2022: 40). Na parroquia de Chapela recóllese **A Costa da Barracrista** e **A Costa da Rabexa**, referidos a topónimos viarios.

Entrecamiños

Entrecamiños é un topónimo transparente formado pola preposición *entre* e o substantivo plural *camiños* (que vén de *CAMMINU, voz de orixe céltica introducida no latín (Martínez Lema, 2018: 26).

Escalas do Basaco, As

As *Escalas do Basaco* son un conxunto de pasos ou chanzos situados en niveis sucesivos, que serven para subir e baixar. Sitúanse a carón da Fonte e Lavadouro do Basaco.



As Escalas do Basaco

Pasán

Pasáns debe ser o correspondente ao latín PASALES (como Rubiáns, Freixáns..., onde o N non é etimolóxico, senón que xurdiu tras a perda dun -L- intervocálico). Probablemente foi a consolidación dese plural *pasáns* o que provocou a alteración do singular en topónimos compostos con el: **Pasán da Costa, Pasán da Igrexa...** Un *pasal* é un grupo de pedras sobre o leito dun río ou regato para cruzalo a pé. Por exemplo, nalgún caso da parroquia da Chapela, chámanlle *Pasán* a unha pasarela sobre a autoestrada. O Nomenclátor de Galicia recolle a forma *Pasales* en Vigo, na parroquia de Castrelos.

Volta, A

Unha *volta* é unha curva nun camiño. Etimoloxicamente, é o participio feminino do verbo *volver* (do latín VOLVERE) e na toponimia pode dar lugar tamén a diferentes topónimos. Así, temos os nomes **Volta de Angorén, A Volta e A Volta Pequena de Angorén.**



Hidrotopónimos³

Fonte

O substantivo común *fonte* é moi habitual na toponimia e procede do latín FÖNTEM. Navaza (2007a: 56) afirma que no Nomenclátor de Galicia son cerca de cincocentas as localidades que conteñen no seu nome este substantivo ou un derivado. Na toponimia menor é igualmente moi abundante. Na parroquia de Chapela recóllense topónimos con este nome como **Fonte do Surtidor** e outros que son nomeados co lavadoiro que teñen a carón como: **Fonte e Lavadoiro da Grila**, **Fonte e Lavadoiro de Laredo de Arriba** e **Fonte e Lavadoiro do Basaco**.

Lavadoiro (do latín LAVATORIUM) designa a “pedra plana ou táboa colocada á beira dun río, dunha pía etc., sobre a que se lava a roupa” (diccionario da Real Academia Galega). Segundo Cabeza Quiles (2020: 140), o sufixo *-oiro* (< latín -ORIU) emprégase, unido a un verbo (neste caso *lavar*), para nomear aqueles lugares nos que se realiza a acción descrita polo verbo (así, *parladoiro*, *rapadoiro*...). Con todo, neste caso temos a forma *lavadoiro*, co sufixo *-ouro*, que é a variante propia do galego da diocese tudense e doutras áreas suroccidentais, aínda que convive na zona coa forma estándar *lavadoiro*.

3 Topónimos que fan referencia ás augas.



Fonte e Lavadouro do Basaco

Freixa, A

A palabra galega *feixa* designa un cachón ou unha fervenza nun río. Na fala e na toponimia presenta dúas variantes: *feixa*, que sería a forma tradicional, e *freixa*, cun -r- que atopamos tamén noutras palabras, especialmente nas iniciadas por f-. A orixe de *freixa* ou *feixa* é escura ou controvertida, segundo indican Carrasco e Navaza (2014: 100). Hai autores que o relacionan con *fraga* e co verbo latino FRANGO “romper”, pero tamén se ten proposto como étimo o latín FALASIA, polo que o nome *feixa* galego sería parente do francés *falaise* “acantilado, desnivel pronunciado”. Na parroquia de Chapela temos o nome A Freixa.

Gorgullón de Canaferlas, O

A palabra *gorgullón* fai referencia a un lugar onde mana a auga. Podería vir do latín GURGULIONE “esófago”, “canón formado por un río” cun sentido figurado: “auga que expulsa a terra á superficie”. Na parroquia de Chapela atópase O Gorgullón de Canaferlas.

Pozas, As / O Pozo

Unha *poza* é un pequeno depósito de auga que se forma nas fochas do terreo cando chove. Tamén é unha especie de encoro pequeno e pouco fondo. Igual que o masculino *pozo* (do latín PŪTĒU), o feminino *poza* aplícase a calquera depresión, natural ou creada polo home, que se enche de auga por efecto das chuvias ou dalgún manancial (Navaza, 2007a: 117).

O Nomenclátor de Galicia recolle 10 lugares denominados As Pozas, nome que leva este microtopónimo da parroquia de Chapela.

Praia

A parroquia de Chapela está situada na costa do concello de Redondela e por iso presenta varias praias. Así temos a **Praia da Area dos Penedos**, **Praia de Arealonga**, **Praíña da Dársena**, **Praíña do Canto** e **Praíña do Cubillón**. Como se pode observar nas imaxes que están a continuación, un topónimo adoita describir a realidade que nomea (unha praia longa, ou unha praia chea de penedos).



Praia de Arealonga



Praia da Area dos Penedos

Presa


Presa é unha denominación común en Galicia para pequenos encoros nun curso fluvial; son formas emparentadas co participio *preso*, *presa*, do verbo *prender* (Navaza, 2006: 117). Rexístranse nomes como **Presa de Abaixo do Cubillón**, **Presa do Lago** e **Presa Grande de Sicalques**. Son hidrotopónimos transparentes que nos informan da súa localización.

Regadouro, O

O *Regadouro* vén do latín RIGATORIUM. Está relacionado con *rego*, que é un substantivo que provén do celta **reku* “gabia” e que seguramente conflúa cos derivados do verbo latino RIGARE “regar” (Gómez e Méndez, 2022: 69). Refírese a un pequeno curso de auga ou a canle que distribúe a auga polos prados. Igual que coas palabras *lavadouro* ou *apeadouro*, rexistramos a terminación *-ouro*, moi típica desta zona do territorio galego.


Regato / O Rego / A Regueira

Rego é un substantivo que proven do celta **reku* “gabia” e que seguramente conflúa cos derivados do verbo latino RIGARE “regar” (Gómez e Méndez, 2022: 69). Refírese a un pequeno curso de auga ou a canle que distribúe a auga polos prados. Derivado de *Rego* tamén temos *A Regueira* en referencia a un terreo e **Regato da Pía**, **Regato da Ribeira** e **Regato da Vispeira**, referidos a conducións de auga. *A Regueira* xa aparece no Catastro da Ensenada de 1760.



Río

Río é un topónimo de significado transparente. Vén do latín RIVU “arroyo, río pequeno” É moi abundante na toponimia e adoita constituír compostos. Na parroquia de Chapela temos **Río da Ponte**, **Río da Regueira**, **Río do Almacén**, **Río do Espiñedo** e **O Río do Esteiro**. Porén, este último nome non fai referencia a un río no seu sentido de curso de auga, senón que se trata do nome dun accidente costeiro. **O Río do Esteiro**, como indica o seu segundo nome, semella facer referencia a un espazo costeiro produto da invasión cotiá das mareas



Río da Ponte

do medio terrestre na desembocadura dalgúns cauces fluviais e que, as máis das veces, están parcialmente illados do mar por unha barra areosa ou por un estreitamento rochoso (diccionario *Digalego*).

No Catastro da Ensenada atópase o nome Espiñedo, que seguramente lle dese o nome ao **Río do Espiñedo**. Tamén se recolle o nome **Río da Ponte**.

Talasonimos⁴

Avanzadas, As

Avanzada é o participio do verbo *avanzar*, do latín *ABANTIĀRE. Pode referirse a unha parte que sobresaen nunha superficie ou nun bordo dando lugar ao nome **As Avanzadas**.

Cetaria, A

Unha *cetaria* é un “viveiro onde se conserva vivo o marisco ata o momento da venda” e vén do latín CETARĪA.

Dársena, A

Dársena é un substantivo común procedente do árabe e definido polo dicionario da Real Academia Galega (DRAG) como a “parte máis abrigada dun porto ou baía, limitada pola mesma costa, por diques ou por ambos, onde se aparelan e reparan as embarcacións” ou “cada unha das divisións que se fan nos portos artificiais para crear diferentes peiraos nos que poida prepararse, cargar e descargar mercancías un maior número de embarcacións”. Sexa como for, **A Dársena Nova** parece facer referencia a un lugar creado recentemente, de aí o adxectivo *nova* (do latín NŎVA), no porto da parroquia de Chapela.

⁴ Topónimos que fan referencia ao mar e aos accidentes costeiros.



A Dársena. Ao fondo está a Praíña da Dársena.

Mar

Estes nomes fan referencia a zonas situadas na costa, polo tanto son talasónimos. Todos eles teñen un “nome” que pode aludir ao seu descubridor, mediante o seu nome de pía ou alcume; ou ben pode deberse ás marcas en terra; a algunha circunstancia especial, como un naufraxio; ou ben pola orografía do lugar marcado (Vilar Pedreira, 2008: 92). O caso é que na parroquia de Chapela se rexistran unha serie de nomes encabezados por “Mar de...”, así, temos: **O Mar da Dársena Nova, O Mar de Avante da Punta, O Mar do Río do Esteiro, Mar do Secador e O Mar do Sur da Punta.**

Ostreira

A forma *ostreira* é un substantivo común que poder facer referencia a un criadeiro de ostras ou a unha persoa que se dedica á cría e venda das mesmas. Na parroquia de Chapela rexístrase este nome en topónimos que fan referencia a accidentes costeiros: **A Ostreira do Río, As Ostreiras do Norte e As Ostreiras do Sur.**


Secador

A palabra *secador* neste contexto costeiro emprégase falar de secar redes. Cando son para secar produto agrícola (castañas, por exemplo) adoitan chamarse *sequeiros*. Así, temos na parroquia de Redondela **O Secador Novo das Artes e O Secador Vello das Artes.**

Fitotopónimos⁵

Bacelo, O

O substantivo galego *bacelo* fai referencia a un “vástago que se corta de la vid para plantar viña; esqueje de la vid” (citado en Navaza 2006: 71). Procede do latín *BACĪLLU ou *BACĒLLU, variante con alternancia de sufixo diminutivo do latín BACŪLU “bastón”. O *bacelo* galego correspóndese coa forma leonesa *bacillo*. Este nome aparece recollido no Catastro da Ensenada.



O Nomenclátor de Galicia recolle seis lugares chamados (O) *Bacelo* e un *Bacelos*.

Canaferlas

Podería ser a tradución da palabra castelá *cañaferla*, tamén chamada *cañaheja* (*Ferula communis*). É unha herba perenne moi robusta con grandes flores abundantemente ramificadas.

⁵ Topónimos que fan referencia á vexetación.

Carballeira do Adro, A

É moi abundante na toponimia a presenza de *carballeira*, derivado de *carballo* (do latín *CARBALIO, con base na voz prelatina CARBA e o sufixo -ALIU), que ten un uso moi vivo na fala co significado de “bosque de carballos”. Neste caso temos o composto **A Carballeira do Adro** (Véxase *Adro, O*).

O Nomenclátor de Galicia rexistra 83 lugares chamados (A) *Carballeira* en singular e plural e unha parroquia *A Carballeira* no concello de Nogueira de Ramuín.

Ceboleira, A


O substantivo *cebola* procede do latín CEPŪLLA, diminutivo de CĒPA “vid”. Este nome aplícase á cebola común cultivada e tamén a outras especies bravas das liliáceas (Navaza, 2006: 192). Neste caso temos o microtopónimo **A Ceboleira**, que é un derivado en *-eira* (do latín -ARIA).

O Nomenclátor de Galicia recolle dous lugares chamados (A) *Ceboleira* e outros derivados como *Ceboliño* (que tamén é parroquia) ou *Cebolido*.

Centieira, A

A *Centieira* é un nome que deriva de *centeo*, máis concretamente dunha forma latina CENTENARIA que tamén ten presenza no país veciño, Portugal. Este cereal tivo moita importancia na economía e alimentación tradicionais de Galicia; adoitaba ser un dos produtos agrícolas con que se pagaban rendas e foros (Navaza 2006: 194).


Na parroquia de Chapela atopamos **A Centieira, As Centieiras e As Centieiras do Bacelo**. No Catastro da Ensenada xa se rexistra o nome como “Sentierya”, representando o seseo que caracteriza esta zona do territorio galego.



Fiáns

Segundo Navaza (2006: 258), as voces galegas *feno* e *feo* proceden do latín FĒNU “herba segada e seca para alimento do gando” ou á “planta das gramíneas que se caracteriza polo seu particular recendo” (diccionario da Real Academia Galega). A forma **Fiáns** parece provir do derivado plural FĒNALES, que dá solucións como Feáns, Fiás, Fiais e Feás.

Na parroquia de Chapela temos as formas **Fiáns**, **Fiáns de Abaixo** e **Fiáns de Arriba**. No Catastro da Ensenada de 1760 atopamos este topónimo escrito Fianes.



Hortiña, A / O Hortizal

O *Hortizal* pode ser un nome derivado de *horta*. Unha horta fai referencia a un terreo cerca da casa onde se cultivan legumes, verduras e hortalizas e, nalgúns casos, árbores froiteiras. O masculino *horto* procede do latín HORTU “xardín”, e o feminino *horta* (do latín HORTA) constitúe un aumentativo-colectivo, que é común aos romances hispánicos e á lingua de occidente. A forma en feminino é moito máis habitual na toponimia que o masculino *horto*. Na parroquia de Chapela atopamos os diminutivos **A Hortiña** e **As Hortiñas**.

Pinal Novo, O

A forma *pinal* é un derivado en *-al* de *pino*. O latín PINALE ten como resultado *piñal* ou *piñar*, mais son máis comúns as formas con *-n-* como *pinal* ou *pinar*. O primeiro pode ser considerado un derivado galego do castelanismo *pino*. Deste xeito, estamos ante topónimos de creación recente ou alteracións castelanizadas (Navaza, 2006: 418). Na parroquia de Chapela recóllese o nome composto **O Pinal Novo** (do latín NŌVU).

Sanguñeira, A

En galego, *sanguíño* é o nome común do amieiro negro (*Rhamnus frangula* ou *Frangula alnus*). Sarmiento recolle a denominación

sanguiño en Pontevedra para unha árbore que el identifica moi parecida ao *sanguiño* propiamente dito. Moito máis común é o colectivo *Sanguñado* (Baleira, A Fonsagrada, Forcarei) ou *Sanguñedo* (Dozón, Guitiriz, Monfero etc.) (Navaza, 2006: 497).

Porén, no concello de Redondela rexístrase **A Sanguñeira** que semella un derivado en *-eira* desta voz *sanguiño*. Existe unha vacilación entre o resultado velar *Sanguñado* e o palatal *Sanguñedo*, sendo o primeiro o que aparece en *A Sanguñeira*.



Sanguiño.

Souto, O

Souto vén do latín SALTU, que tiña en orixe un significado oronímico de “desfiladeiro, quebrada” e outro fitonímico “pastizais con bosque” (Navaza, 2006: 513). O nome indica que habería, no momento do nacemento dos topónimos, un souto de castiñeiros ou de castiñeiros e carballos mesturados. Segundo Cabeza Quiles (2018: 172) a castaña tivo moita importancia como alimento en Galicia, antes da chegada da pataca americana de alén mar, e fixo que fose chamado nun principio castaña da terra ou castaña mariña. O topónimo *Souto*, *O Souto* e derivados é moi numeroso na nosa terra.

Na parroquia de Chapela temos rexistrados os microtopónimos **O Soutiño**, **O Souto da Cova da Vella** e **O Souto do Lavadouro**. Lavadouro, coa mesma terminación que poden ter outras como *corredoura* ou *apeadouro*, é a variante propia do galego da diocese tudense e doutras áreas suroccidentais.

Tralaviña, A

A **Tralaviña** é un microtopónimo da parroquia de Chapela formado polo adverbio *tras* contraído co artigo *a* e o substantivo *viña*, dando lugar a *trala* + *viña* > *tralaviña*. O que nos indica o seu significado: detrás da viña (do latín VĪNĒA).

Viña A

O termo *viña* vén do latín VĪNĒA e fai referencia a un terreo plantado de vides. Nos sitios nos que a climatoloxía o permite, a viña foi e segue sendo intensamente cultivada dende a Idade Media. Así pois, nas ribeiras do río Sil, do Miño, do Avia, do Támeiga, do Arnoia e noutros constituíuse como a actividade agrícola máis importante (Navaza, 2006: 559). En Chapela atópase o nome **A Viña da Eira** e **As Viñas da Ría**.



Topónimos relacionados cos tipos de po- boamento e con outras obras e actividades humanas

Apeadouro de Chapela

A forma marcada como correcta no dicionario da Real Academia Galega é *apeadoiro*, e defíneno como “estación pequena onde paran os trens só para que suban ou baixen viaxeiros”. A forma dialectal *apeadouro*, coa mesma terminación que poden ter outras como *corredoura* ou *lavadouro*, é a variante propia do galego da diocese tudense e doutras áreas suroccidentais, mais convive na zona con *apeadoiro*. Esta era a antiga estación de tren de Chapela. Hoxe xa non está en uso e converteuse nun local social para a veciñanza. Ademais, conta cun acondicionamento exterior fermoso grazas aos murais artísticos que a decoran.



Casa, A

O substantivo *casa* (do latín CASA) ten moita presenza na toponimia, en ocasións para designar paraxes onde non hai na actualidade edificación ningunha, pero si houbo no pasado. Así, temos **A Casa de Abaixo dos Colazos, A Casa de Fóra, As Casas de Baixo de Bouzargarcía, As Casas do Porto e As Casas Vellas do Outeiro do Cubillón** e o diminutivo **As Casiñas da Meda**.

Cidadelle

A orixe do nome deste barrio de Chapela está nun antigo asentamento castrexo. A forma latina CIVITATE deu en *Cidade* e tamén en *Cidadelle* ao sumárselle un sufixo (*civitatecula*). O sufixo *-elle* é unha alteración de *-ella* que vén do latín *-ICULA*. O topónimo aparece no Catastro da Ensenada de 1760 escrito con *s-* e representando o seseo.



Granza, A

Gonzalo Navaza (2007a: 138) indica que, na Idade Media, unha *granza* ou *graña* era unha explotación agrícola dependente dun mosteiro, dedicada sobre todo ao cultivo de cereais. Tanto *granza* como *graña* están moi presentes na toponimia galega; o Nomenclátor recolle máis de sesenta localidades chamadas (A) *Graña* e cerca de setenta (A) *Granza*. Na parroquia de Chapela temos os nomes **A Granza da Devesa, A Granza do Valiño, A Granza e A Graxiña dos Machos**.

O substantivo *granza* continúa a ter uso na fala común, polo que unha parte dos topónimos que conteñen esta forma son relativamente recentes, en tanto que os que teñen a forma *graña* son máis antigos. Tradicionalmente, pensábase que *graña* era a forma patrimonial galega, resultante do latín GRANIA - GRANEA, derivado de GRANU “gran, cereal”, e que a forma *granza* era a adaptación dunha forma francesa *grange*, unha palabra da mesma orixe e significado, mais que chegou ao galego por vía monacal durante a Idade Media. A docu-

mentación antiga demostra que tanto *granxa* como *graña* son dous resultados galegos da mesma palabra, e ambos patrimoniais, que conviviron durante un tempo ata que *granxa* se impuxo e *graña* perdeu uso como palabra común, para sobrevivir só na toponimia.

Lagarella, A

A *Lagarella* pode ser un nome en diminutivo derivado de *lagar*, substantivo relacionado coas actividades da viticultura e que dá nome á pía onde se prensa ou pisa o viño. En orixe *lagar* remonta ao latín LACALE e é propiamente un derivado de *lago* (do latín LACU), de xeito que algúns topónimos que conteñen esta forma poderían facer referencia non a lagares senón a áreas anegadas ou de moita humidade (Navaza, 2007a: 118). Así, temos A **Lagarella** e As **Lagarellas do Alto**.

Peirao, O

O substantivo *peirao* provén do latín PETRATO e é un derivado de *pedra*. Aparece definido polo dicionario da Real Academia Galega como “construción na marxe dun río ou do mar, que polo xeral forma parte dun porto e que se utiliza principalmente para facilitar o embarque e desembarque de persoas e mercancías e para abrigo das embarcacións”. Rexístranse os nomes **O Peirao**, **O Peirao da Praíña** (diminutivo de praia, do latín tardío PLAGĬA) e **Peirao da Rampla**.



Peirao da Rampla.

O **Peirao da Praíña** trátase dunha construción situada preto da *Praíña do Cubillón*, polo que o seu significado é completamente transparente.

Ponte

Ponte, do latín PŌNTEM, é un substantivo moi presente na toponimia galega. Na parroquia de Chapela atopamos diversos nomes como **Ponte da Bouza**, **A Ponte de Abaixo**, **Ponte de Angorén**, **A Ponte de Arriba**, **Ponte Vella de Angorén** e **A Ponte Vella**. Neste último, o adxectivo *vella* vén do latín VETULA, e expresa idade avanzada respecto á considerada normal. Na toponimia pode aparecer acompañando a un substantivo, como en **A Ponte Vella**, ou en solitario (Álvarez Pérez, 2019: 335).

En **Ponte da Bouza**, o substantivo *bouza* é unha palabra galega de orixe prerromana que ten abundante presenza na toponimia. Na documentación altomedieval en latín adoita aparecer coas grafías BAUTIA, BAUCIA. O seu significado é o de lugares non cultivados con abundante vexetación de árbores e monte baixo (Navaza, 2007a: 93).

Na *Ponte de Abaixo*, o adxectivo *abaixo* procede da aglutinación da preposición latina AD (> a) co adxectivo BASSUS “gordo, non alto” (Martínez Lema, 2018: 53).

Porto de Chapela

Porto e *porta* son palabras de orixe latina, moi comúns na toponimia das vías de comunicación para designar os lugares por onde un camiño atravesa un límite ou supera un obstáculo do relevo ou un curso fluvial. No pasado, nalgúns portos situados en fronteiras administrativas debía pagarse un tributo de portaxe ou pasaxe (Carrasco e Navaza, 2014: 30). O Nomenclátor de Galicia recolle máis de duascenas localidades co substantivo porto ou os seus derivados e compostos.

Quinta, A

Os microtopónimos coa palabra *quinta* pódense referir á quinta parte dunha herdade ou a terras aforadas que pagaban a quinta parte do que producían ao señor ou mosteiro correspondente. De aí o vocábulo *quinta*, igual a “casa con leiras ao seu redor que pagaba de renda unha quinta parte dos froitos” e “terreo cultivable”.

A **Quinta** é o nome dun terreo da parroquia de Chapela. O Nomenclátor de Galicia rexistra 24 lugares chamados *A(s) Quinta(s)*.

Quinteiro de Arriba, O

O topónimo *Quinteiro* corresponde co latín QUINTANĀRIU, derivado de QUINTĀNA e pode referirse a un “espazo situado entre edificacións” ou a un “conxunto de varias casas que forman un grupo separado dentro da aldea”. Neste caso estamos ante o microtopónimo **O Quinteiro de Arriba**, que alude a un terreo.

Segundo o Nomenclátor de Galicia hai 25 lugares en Galicia coa palabra *Quinteiro* no seu nome, mais tamén aparece en Portugal.

Torreiro, O

A pesar da aparente relación con *torre*, os substantivos *torreiro* e *turreiro* presentes na toponimia adoitan ser variantes de *terreiro*, derivado de *terra*. Estes substantivos nomean espazos abertos, habitualmente chans e de uso público, con frecuencia nas inmediacións da igrexa parroquial, coma este nome rexistrado no barrio da Igrexa.

Gonzalo Navaza (2007a: 101) indica que nalgunhas áreas de Galicia as palabras *torreiro* e *turreiro* significan “o campo da festa”. En portugués, *terreiro* significa praza ou campo. A alteración de *terreiro* en *torreiro* é paralela da que se dá no adxectivo *terroso*, que na toponimia adoita presentar a forma *torroso*.



Haxiotopónimos⁶

Argrixario, O

O *Igrexario* é unha denominación habitual das propiedades vinculadas a unha parroquia. No nomenclátor hai 56 lugares de poboación chamados así. Con todo, a forma *Argrixario* semella unha deturpación da palabra en canto se volveu opaca para uns falantes. *Igrexa*, vén do latín vulgar ECCLESIA “assemblea, reunión de fieis”. Neste caso estamos ante un derivado, **Argrixario**. Como curiosidade, as evolucións patrimoniais galegas comúns a partir de ECCLESIA son, con ou sen artigo, *Eirexa*, *Eirexe*, *Irexe*, *Irexaxa*, *Grixaxa*, *Airexa*, *Airexe*, habituais na toponimia galega.

Como referencia a este mesmo lugar, terras próximas á igrexa de Chapela, atopamos o nome castelanizado *Iglesario*, que foi confirmado por varios informantes da zona.

Cristo da Igrexe

Os nomes relativos aos santos e aos cultos relixiosos son moi comúns na toponimia pola enorme presenza da



Cristo da Igrexe.

⁶ Topónimos que fan referencia aos santos e aos cultos relixiosos.

relixión na cultura tradicional. Este Cruceiro atopámolo a carón da Igrexa Nova de Chapela.

Cruceiro do Cristo da Encarnación

Cruceiro é un nome derivado de *cruz* (do latín CRUX, CRUCIS) mediante o sufixo *-eiro*. A orixe deste nome refírese ao propio monumento patrimonial de pedra que se poñía en lugares singulares (encrucilladas, beira dos camiños).



Cruceiro do Cristo da Encarnación.

Igrexa, A

Igrexa, do latín vulgar ECCLESIA “assemblea, reunión de fieis”, refírese á igrexa, centro de reunión dos fregueses á hora da misa. Como curiosidade, as evolucións patrimoniais galegas comúns a partir de ECCLESIA son, con ou sen artigo, *Eirexa*, *Eirexe*, *Irexe*, *Irex*a, *Grixa*, *Airexa*, *Airexe*, comúns na toponimia galega. Na parroquia de Chapela atopamos dúas igrexas: unha construción moi recente, como podemos ver na imaxe, e outra máis antiga.




Igrexa nova de San Fausto de Chapela (esquerda) e Igrexa vella (dereita).

Zootopónimos⁷

Grilas, As

Topónimo transparente formado polo feminino do substantivo *grilo*, do latín GRYLLUM. É un “insecto da orde dos ortópteros, saltador, duns tres centímetros de tamaño e de cor negra, que se caracteriza porque o macho produce un son monótono ao fretar os élitros” (diccionario da Real Academia Galega). A forma feminina do topónimo fai pensar que en orixe se refire a unha muller así alcumada, mais existe maior probabilidade de que se refira a un adxectivo feminino a partir dun nome masculino de propietario (As propiedades do Grilo = *As Grilas*) (Carrasco e Navaza, 2014: 104). O nome está rexistrado no Catastro da Ensenada:



Pombal, O

Os derivados do substantivo *pomba* (do latín PALUMBA) son bastante frecuentes na toponimia galega. O Nomenclátor de Galicia reco-

⁷ Topónimos que fan referencia á fauna.


lle máis de 40 localidades chamadas (*O*) *Pombal*, *Pombar*, *Pombeiro* etc. Gonzalo Navaza (2007a: 143) indica que o uso de pomba quedou restrinxido para falar só das pombas bravas, mentres que para as de cría e as pombas urbanas emprégase o termo do castelán *paloma*.

As denominacións de *pombal* e *pombar* refírense a construcións ou edificios onde se recollen e crían as pombas. O microtopónimo **O Pombal** da parroquia de Chapela fai referencia a un terreo onde posiblemente houbo un pombal.

Vispeiras, As

O termo *Vispeira* pode estar relacionado co *avespeiro*. O termo en galego é *avespa*, do latín *VESPA*, mentres que en castelán se rexistra *avispa* e pode que desta forma proveña o -i- de *vispeira*. O *avespeiro* é un panal ou niño de *avespa*.

Na parroquia de Chapela rexístrase **As Vispeiras** en plural e tamén en singular e **A Vispeira de Abaixo** e **A Vispeira de Arriba**. No Catastro da Ensenada aparece documentado este nome escrito coa grafía .



Antropónimos⁸

A+ de (+ artigo) + nome

Os topónimos que se compoñen de *a de* (artigo + preposición), *a do/a* (artigo + contracción de preposición + artigo) fan mención aos propietarios das parcelas, ben sexa polo seu nome, apelido, alcume, profesión, hipocorístico ou sobrenome.

No caso da parroquia de Chapela temos **A da Alta**, **A de Brito**, **A do Campo**, **A do Cantil** e **A do Eido**, **A do Río**, **As de Bande** e **As do Manso**. **A de Avante** e **A do Puntal da Meda** fan referencia a dous accidentes costeiros, polo que tamén poderían ser clasificados coma un talasónimo.

Angorén

A orixe do nome deste barrio de Chapela procede de *Ancurius*, un antropónimo latino e o sufixo onomástico *-en*. Por tanto, sería o lugar propiedade desta persoa chamada *Ancurius*, documentado no Catastro da Ensenada.



⁸ Nomes de propietario ou de posuídor.

Don Antón

Don Antón é o nome dun terreo que probablemente fai referencia ao seu propietario. Na *Guía de nomes galegos* podemos ver como Antón deriva do latín *Antonius*, nome dunha xeración romana (da que Marco Antonio foi o máis famoso) de significado escuro. Parece rexeitable a hipótese renacentista que o relaciona co grego *ánthos* “flor”, razón pola que existe en inglés unha variante con *th*. A carón da forma patrimonial *Antón* é frecuente a forma culta Antonio, que se difundiu a partir do século XVI pola influencia de santo Antonio de Lisboa ou de Padua.


Leitón, O

O **Leitón** semella ser un apelido de propietario. Este apelido ten presenza en Galicia e tamén en Portugal, coa forma *Leitão*. Tanto o galego *Leitón* coma o portugués *Leitão* foron en orixe sobrenomes ou alcumes que parten da acepción de leitón como “cría do porco que aínda mama ou que deixou de mamar hai pouco tempo”. Rexístranse nomes como O **Leitón**, O **Leitón de Abaixo** e O **Leitón de Arriba**.

Lombardía

É curiosa a presenza deste topónimo de nome coincidente coa rexión italiana. Isto pode ser debido a moitas causas, como a instalación dalgunha persoa italiana na parroquia de Chapela. Se ben isto nos é descoñecido, hoxe sabemos que é un apelido que en Galicia conta con 465 portadores, sendo máis habitual na provincia de Lugo.

Na parroquia de Chapela rexístranse **Lombardía**, **Lombardía de Riba** e **Lombardía do Abade**. O nome xa aparece documentado no Catastro da Ensenada de 1760, polo que non é de creación recente.



Pampillona, A

Un *pampillo* é unha planta de flores amarelas parecidas ás da margarida, con follas alternas dentadas e talos ramalludos. Na parroquia de Chapela temos **A Pampillona do Souto** e **A Pampillona**, que semella

ser un adxectivo feminino de propietario: “A Pampillona” = “A de Pampillón”. *Pampillón* é un apelido toponímico, relativo a un topónimo en Gondomar con ese nome; posiblemente derivado do fitónimo. O topónimo xa aparece rexistrado no Catastro da Ensenada de 1760.



Xapón, O

Xapón é un país situado no extremo oriente asiático. A súa presenza na microtoponimia pode ser debida á emigración, xa que probablemente a persoa propietaria destes terreos fose orixinaria do Xapón ou, pola contra, ser simplemente un alcume. Polo tanto, **O Xapón** e **O Xapón do Rialíño** nomean a persoa propietaria das terras.



Outros

Cachibote, O

O *Cachibote* é o nome dun xogo tradicional galego-asturiano. Este xógase cun bote (ou pelota) colocado no chan que debe estar protexido por unha persoa que ten que contar ata 20 (por exemplo) mentres os demais se esconden. Cada vez que este xogador atopa a alguén escondido, este ten que axudarlle a procurar o resto de compañeiros. Non obstante, se algún compañeiro dos que están escondidos tira o bote, sálvanse todos os do principio e comeza o xogo de novo.

A etimoloxía probablemente veña das palabras *cachar* (descubrir) + *bote*.

Canceleira

O substantivo *cancela* (do latín CANCELLA) “porta rústica de táboas ou paus que dá paso a unha herdade” é moi común na toponimia galega (Navaza 2007a: 128). Neste caso, estamos ante o derivado *canceleira*, que aparece definido no dicionario da Real Academia Galega como “porta formada por táboas ou paus separados entre si e unidos aos traveseiros, que pecha o paso a unha propiedade”.

Na parroquia de Chapela recóllense **Canceleira de Arriba** e **Canceleira do Pelatripas** ou **de Abaixo**. No Catastro da Ensenada de 1760 xa se recolle este nome como “Sitio de Canseleyra”, co seseo representado na escrita.



O Nomenclátor de Galicia recolle dúas entidades de poboación que conteñen este nome, *A Canceleira* no concello de A Lama e *As Canceleiras* en Sarria.

Canizo do Sitio, O

O substantivo *canizo* é un derivado de *cana* (do latín CANNA). A súa presenza na toponimia adoita ter relación co emprego de valos feitos con canas para cerrar as propiedades ou defender do vento os cultivos. Porén, nalgunhas zonas de Galicia recibe o nome de *canizo* o hórreo ou certa variedade de hórreo, ademais doutros significados que posiblemente non deixan pegada na toponimia (Navaza, 2007a: 115). Neste caso estamos ante o nome composto **O Canizo do Sitio**.

Cornido, O

O **Cornido** semella un derivado do latín CŎRNU, mais ten un significado controvertido. Tense sinalado que estes nomes poden facer referencia a unha árbore (fitónimo), aínda que Piel indica que moitos dos aparentes derivados deste tema poderían selo dun orónimo CŎRNU “corno” que faría referencia á composición do terreo. Outros investigadores xa sinalan directamente que en galego non hai palabras que deriven de CŎRNU “cerdeira silvestre”.

Navaza (2006: 224) indica que palabras como *cornido* ou *corneda* están formados a través do sufixo -ĒTU ou -ĒTA, aínda que non se pode garantir o carácter fitonímico da raíz, xa que pode haber un significado orixinario oronímico como se mencionou antes.

Así pois, **O Cornido** da parroquia de Chapela pode facer referencia a unha característica do terreo ou, pola contra, a unha árbore.

Enriba do Sitio

Enriba do Sitio é un topónimo menor de significado transparente que fai referencia a un terreo situado por riba do Sitio (véxase *Sitio, O*).

Estaca, A

A palabra *estaca* vén do gótico **stakka* “pao”. É posible que este topónimo faga referencia a unha plantación de árbores que se reproducen por medio de estacas plantadas no chan ou que se refira a unha leira cerrada con estacas (Palacio, 1981: 619).

Entremedias de Alá do Leitón, As / Entremedias de Aquí do Leitón, As

Estes microtopónimos fan referencia a dúas terras, de aí a denominación en feminino. O seu nome é transparente e indícanos a súa posición cos adverbios de lugar, *alá* e *aquí*, en referencia ao *Leitón* (véxase a entrada *Leitón, O*).

O Lugar (de)

O termo *lugar* vén do latín *LOCALEM* “local, propio do lugar”, derivado de *LOCUS* “lugar”. Rodríguez González (2019: 153) sinala que en galego ten diferentes significados “núcleo pequeno de poboación en que se divide unha parroquia, con poucos veciños e de carácter rural”, “conxunto formado por unha vivenda e as terras de cultivo”, “terras contiguas a unha casa, que xunto con ela forman unha única superficie separada do exterior por medio dunha parede” ou indicación sobre unha posición relativa.

Na parroquia que estamos a estudar recóllense **O Lugar da Ponte de Arealonga, O Lugar da Vispeira, O Lugar Vello da Rabexa, O Lugar Vello do Leitón e Os Lugares das Chachiñas**; este último fai referencia a un alcume.

Luído, O

O Luído pode tratarse do participio do verbo *luír*. Este aparece definido polo dicionario da Real Academia Galega como “[Cousa] consumirse polo efecto do rozamento con outra”. Probablemente se trate dun penedo ou dun empedrado moi lambidos pola erosión.

Rabexa, A

O único topónimo que se rexistra no Nomenclátor de Galicia é *A Rabexa* no concello de Trabada. Xulia Marqués (2018: 120) sobre este nome

lévanos ao latín RAPĪDA, que designaba o “rápido dun río”. En galego, *rápido* chámase a “parte dun río, xeralmente con rochas, onde a auga discorre con violencia e a gran velocidade, debido á súa forte pendente”.

A Rabexa convida a pensar en liñas interpretativas vinculadas a augas rápidas, de forte corrente. Con todo, pode ser un simple derivado de *rabo*, un nome que se aplica a propiedades ou accidentes xeográficos pola súa forma.

Tras do Resío, O

O Tras do Resío é un topónimo menor de significado transparente que fai referencia á súa situación: detrás do Resío.

Topónimos escuros⁹

Barracrista, A

Semella un composto de *Barro* ou *Barra* e máis de *Crista*. Este pode ser o común crista (a crista dun galo, por exemplo) ou un sobrenome (*Cristo, Crista*).

Pardomuro, O

O nome *O Pardomuro* pode ser un derivado de *pradomuro* ou estar composto polo adxectivo *pardo* e o substantivo *muro*. De todas formas, ao non aparecer nas fontes escritas non é posible saber a motivación deste nome.

⁹ Aqueles de motivación descoñecida.



Topónimos que aparecen no Catastro

A relación dos seguintes topónimos procede co catastro de mediados do século XVIII, pero son topónimos que non fomos quen de localizar. Por iso, quen queira contribuír con información pode escribirnos a normalizacion@redondela.gal ou chamar ao teléfono do concello (986400300) e preguntar polo Servizo de Normalización Lingüística.

Airado

Este nome é actualmente un apelido frecuente no concello de Lugo e na Coruña. Pode facer referencia ao propietario da terra.

Barcia

Segundo Cabeza Quiles (2018: 30) *Barcia* é o resultado dun termo prerromano VARCĪNA ou VARCĒNA, que en castelán, co -n- intervocálico conservado, daría o topónimo *Bárcena*. En canto ao seu significado, o topónimo *Barcia* adoita nomear terreos chans situados á beira ou preto dun río, aínda que non en todos os casos. Desta circunstancia parece dar conta o vocábulo galego *varcia*, que nalgúns dicionarios aparece coa equivalencia de “terreo chan próximo a un río que se inunda con frecuencia”.

Calvario

O nome *calvario* procede do latín CALVARIU, derivado tamén de CALVU ‘pelado’, que en relación á paisaxe faría referencia a un terreo sen vexetación. Con todo, considérase que a forma concreta *Calvario* e os seus derivados son topónimos relacionados co culto relixioso.

Campo do Balado

O nome deste lugar vén da voz *campo* (do latín CAMPUS “chaira”), que significa “superficie extensa de terra máis ou menos plana, onde non hai vivendas e que en xeral se pode dedicar ao cultivo” (Diccionario da Real Academia Galega). Este último significado que relaciona a voz *campo* cun lugar dedicado ao cultivo é, segundo indica Corominas (DCECH), unha innovación romance. En canto ao segundo elemento *balado* é un substantivo que designa o muro ou cerca que rodea unha propiedade e aparece escrito coa grafía non etimolóxica .

Casal D arriba

Casal (do latín CASALE, derivado de CASA) foi empregado na Idade Media para denominar unha propiedade rural consistente nunha casa de campo coas dependencias auxiliares e as súas terras de labor. Ten moita presenza na toponimia de toda Galicia, xa que no nomenclátor aparecen rexistradas máis de duascenas entidades de poboación co substantivo *Casal* (Navaza, 2007a: 40).

Cavadiña

O topónimo menor *Cavadiña* leva o sufixo -iña como diminutivo de *cavada*. A *Cavada* procede do participio de do verbo *cavar*, no latín CAVARE, e sería pois unha unha *(TERRA) CAVATA. Unha *cavada* é unha porción de monte que se cacha ou rotura por primeira vez para destinala a cultivos. A maior parte das *cavadas* da nosa toponimia remontan á época medieval.

Cocho da Fonte, Cocho das Pereiras , Cocho de Abellas, Cocho do Lago, Cocho do Rial

O substantivo *cocho* xunto cos seus derivados ten moita presenza na toponimia galega suroccidental. Ademais do comunmente coñecido *cocho* como sinónimo de *porco*, tamén garda relación co verbo *acochar* co significado de *abrigo*. Agora ben, neste caso é probable que designe un anaco de terra con linde a un paso común tal e como na fala oral fan emprego do termo *cocho*. No dicionario da Real Academia Galega dise tamén que un *cocho* é un “lugar cuberto ou agochado, como un cortello, un tobo etc., onde habitan ou se refuxian certos animais.”

Codoneiro

Topónimo escuro.

Cornide

Eligio Rivas propón unha raíz precéltica *corn-* ‘roca’ para o topónimo *Cornide* e indica que faría referencia a un lugar rochoso ou un monte. Tamén é un apelido que se rexistra sobre todo na provincia de Lugo, mais que conta con só 8 portadores na provincia de Pontevedra, concretamente en Vigo.

Costeira

Derivado do substantivo *costa*, do latín CŎSTA, en alusión a unha costa ou terreo en pendente ou a un tramo dun camiño con esas condición.

Devesa do Pouso

O topónimo *Devesa* procede do latín serodio *(TERRA) DEFENSA “terra coutada”, “terra ou territorio cercado”, e sinala antigas *devesas* ou grandes fincas pechadas que podían ser as *devesas* do rei e eran empregadas para a produción de madeira. Noutras ocasións o topónimo *Devesa* ten menos pretensións e sinala áreas coutadas máis pequenas, propiedade de particulares (Cabeza Quiles, 2018: 65).

Estripeiral

Estripo é o nome dunha árbore que procede do latín STIRPE. O derivado *Estripeiral* fórmase mediante o sufixo latino -ale.

Horta de Abaixo

Unha horta fai referencia a un terreo cerca da casa onde se cultivan legumes, verduras e hortalizas e, nalgúns casos, árbores froiteiras. A forma feminina *horta* (do latín HORTA) constitúe un aumentativo-colectivo, que é común aos romances hispánicos e á lingua de occidente. Esta forma en feminino é moito máis común na toponimia que o masculino *horto*.

Lugar do Río

O termo *lugar* vén do latín LOCALEM “local, propio do lugar”, derivado de LOCUS “lugar”. Rodríguez González (2019: 153) sinala que en galego ten diferentes significados “núcleo pequeno de poboación en que se divide unha parroquia, con poucos veciños e de carácter rural”, “conxunto formado por unha vivenda e as terras de cultivo”, “terras contiguas a unha casa, que xunto con ela forman unha única superficie separada do exterior por medio dunha parede” ou indicación sobre unha posición relativa.

Maserical

Topónimo escuro.

Moíño

Moíño podería tratarse dun derivado de muíño. Esta palabra palabra vén do latín tardío MŎLĪNU (de MOLERE ‘moer’) e indica a presenza desta construción na zona.

Moradiña

O máis probable é que sexa en orixe *Muradiña* e que sufrise unha alteración na primeira vogal. Conforme a esta hipótese, estaríamos falando dunha propiedade pechada cun muro.

Parra

Unha parra é unha ‘videira levantada artificialmente’. Trátase dunha voz de orixe incerta, mais téñense proposto etimoloxías prerromana e xermánica. Navaza (2006: 398) indica que o sentido inicial de parra puido ser o de ‘cercado’ ou ‘cuberto, que está emparentado co do latín

medieval *parricus* ‘graneiro’. Así pois, é posible que algúns dos topónimos nos que está presente esta forma non tiveran en orixe carácter fitonímico e faga referencia a construcións.

Pedra do Gato

O substantivo común *pedra* (do latín PĒTRA) e os seus derivados teñen moita presenza na toponimia. Con frecuencia rexístrase a forma do singular, por referencia a unha pedra individual que destaca ou destacaba na paisaxe como podería ser a Pedra do Gato. Compíte nestes usos con pena e outras formas equivalentes no significado. En moitas ocasións aínda é posible identificar a pedra que deu nome ao lugar, mais noutros casos xa desapareceu por acción da man do home.

Pereiras

A *pereira* é a árbore que ten a pera de froito. Provéen do latín PIRARIA, mais na toponimia pode confundirse con PETRARIA, derivado de PETRA. Polo tanto, pode facer referencia a un lugar abundante en pedra ou a unha plantación de pereiras, aínda que probablemente estea relacionado coa árbore.

Picoto

Picoto podería ser un derivado de *pico*, probablemente unha voz prerromana **beccus*. Podería facer referencia a un sitio elevado ou a unha rocha que sobresae no alto dun monte.

Pousadoura

O substantivo *pousadoura* (do latín PAUSATORIA) é un derivado do verbo *pousar* (do latín PAUSARE) e designa espazos máis ou menos chans situados nun camiño pendente ou ben unha parte do camiño onde a pendente se fai menos pronunciada. Recóllese coa terminación *-doura* característica desta zona.

Pouso, O

Pouso vén do verbo *pousar* (do latín PAUSARE) e segundo Navaza (2007a: 129) ten na toponimia significado orográfico, pois, igual que *Pousadoura*, designa espazos máis ou menos chans situados nun cami-

ño pendente ou ben unha parte do camiño onde a pendente era menos pronunciada, de xeito que se convertía nun lugar onde pousaren ou repousaren os camiñantes, os carros ou as cabalerías. É un topónimo común en Galicia.

Rabicho

Rabicho é un derivado de *rabo* e tamén se adoita empregar na toponimia para designar propiedades longas e estreitas.

Revolta

O topónimo *revolta* pode vir dado pola presenza dun camiño ou dun río que describen unha curva moi pronunciada que acaba por marcar o nome do lugar. Con todo, en moitas zonas galegas *revolta* ten un significado distinto e equivale a ‘parcela cultivable’, especialmente no monte (Navaza, 2007a: 52). O nomenclátor de Galicia recolle case 40 entidades de poboación chamadas *A Revolta* ou o seu diminutivo *A Revoltiña*.

Rial de Arriba

A palabra *rial* é común en galego para nomear un curso de auga, ás veces artificial. A súa etimoloxía é problemática: podería ser un derivado de *río* co sufixo do latín *-ALE*, mais non se pode descartar a interferencia da familia léxica de *RIGARE* ‘regar’. Ademais en latín tamén existía o adxectivo *REGALIS* ‘real’ que deu en galego a palabra *real*. A semellanza fonética entre os termos *real* e *rial* fai que sexa complicado saber nalgúns casos a orixe do topónimo co que nos atopamos (Álvarez Pérez, 2019: 27).

Río da Bouza e Río Frío

Río é un topónimo de significado transparente. Vén do latín *RIVU* “arroyo, río pequeno” É moi abundante na toponimia e adoita constituír compostos coma Río da Bouza e Río Frío.

Roncal, O

Todo indica que se refire a un lugar onde ronca o mar, como sucede noutros topónimos costeiros como *A Roncadoira* (Porto do Son), *Roncosa* (Vigo) ou *O Roncudo* (Ponteceso). O sufixo *-al*, con valor abundativo, pode indicarnos que era un lugar de abundantes “roncos”.

Siestal

Esta forma aparece así grafada no Catastro da Ensenada. En realidade é un costume gráfico de modificar o X por SI; polo cal, estaríamos realmente ante o topónimo *Xestal*.

Silgada

Sobre este topónimo podemos identificar dúas posibles razóns. Por un lado que se refira unha vía de orixe romana “viam silicatam”, que vén sendo a calzada romana cuberta de cascallos. Este topónimo recóllese en Caldas de Reis (As Silgadas) e nas zonas de Mañón e Gomesende (A Silgada). A outra posibilidade é que se trate dunha ultracorrección do R orixinal que derivou nun L. Neste caso, a orixe estaría na palabra SIRGO, un tipo de seda que se adoitaba usar para referirse a realidades caracterizadas por ter varias cores ou augas irisadas, pois asociábase a cor co tecido da seda.

Tumbiño

Pode tratarse dun derivado diminutivo de *tombo*, que procede do latín TŪMŪLU ‘altura’. Son denominacións comúns na toponimia para designar pequenos montículos ou elevacións do terreo, especialmente os túmulos que cobren un monumento megalítico prehistórico (Navaza, 2007a: 125).



Bibliografía

Álvarez Pérez, Marta (2019): *Toponimia do Val de Fragoso: Bembri-ve*. Vigo: Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo.

Ares Vázquez, Nicandro (2013): *Estudos de toponimia galega*. A Coruña: Real Academia Galega, vol 2.

Boullón Agrelo, Ana (1999): *Antroponimia medieval galega (ss. VI-II-XII)*. Alemaña: Tübingen, Max Niemeyer.

Cabeza Quiles, Fernando (2018): *Toponimia da Estrada*. A Coruña: Real Academia Galega. Colección Terra Nomeada.

Cabeza Quiles, Fernando (2020): *Toponimia de Carballo*. A Coruña: Real Academia Galega. Colección Terra Nomeada.

Carrasco, Lorena e Navaza, Gonzalo (2014): *Toponimia do Val de Fragoso: Beade*. Vigo: Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo.

Corominas, Joan e José Antonio Pascual (1980-1991): *Diccionario crítico etimo-lógico castellano e hispánico*. 6 vols. Madrid: Gredos.

Corominas, Joan (1987): *Breve diccionario etimológico de la lengua castellana*. Madrid: Gredos.

Digalego: *Diccionario de galego*. Xunta de Galicia.

DRAG= González González, M. (dir.): *Diccionario da Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega. <<https://academia.gal/diccionario>>.

Gómez, Lidia e Méndez, Luz (2022): *Toponimia de Tordoia*. A Coruña: Real Academia Galega. Colección Terra Nomeada.

Marqués Valea, Xulia (2018): *Toponimia de Trabada*. A Coruña: Real Academia Galega. Colección Terra Nomeada.

Martínez Lema, Paulo (2018): *Toponimia de Begonte e Rábade*. A Coruña: Real Academia Galega. Colección Terra Nomeada.

Navaza, Gonzalo (2005): “Note sulla toponimia del litorale della Galizia”. *QUADRIONI* (2005), 321-335.

Navaza, Gonzalo (2006): *Fitotoponimia galega*. Biblioteca Filolóxica Galega. Santiago de Compostela: Fundación Pedro Barrié de la Maza.

Navaza, Gonzalo (2007a): *Toponimia de Catoira*. Catoira: Concello de Catoira.

Navaza, Gonzalo (2007b): “Toponimos da parroquia de Rebordechan” en *Rebordechán. A Nosa Memoria*. Proxecto Toponimia de Galicia.

Palacio, José Antonio (1981): *Toponimia del ayuntamiento de Pantón* (Lugo). Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. Facultade de Filoloxía.

Rodríguez González, Afonso Salvador (2019): *Toponimia do Val de Fragoso: Candeán*. Vigo: Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo.

Vilar Pedreira, Xosé Lois (2008): *Talasonimia da costa sur de Galicia*.
Gondomar: Instituto de Estudos Miñoranos



Índice

A

A da Alta
A de Avante
A de Brito
A do Campo
A do Cantil
A do Eido
A do Puntal da Meda
A do Río
Adro, O
Angorén
Apeadouro de Chapela
Area dos Penedos, A
Arealonga
Areaslongas, As
Argrixario, O
As de Bande
As do Manso
Avanzadas, As

B

Bacelo, O
Baleiro do Camiño, O
Baleiro, O
Banda da Cacharela, A
Banda do Almacén, A
Banda do Río, A
Barracrista, A
Barxa da Meda, A
Basaco das Hortas, O
Basaco, O
Bico, O
Bouzagarcía
Bouzas do Toxal, As

C

Cachada, A
Cachibote, O
Camiño Real de Laredo
Camiño Real, O
Camiño Vello do Leitón
Campo da Fraga, O
Campo da Mina, O
Campo da Vila do Pozo, O
Campo do Cocho, O
Campo do Malote, O
Campo do Reguiño, O
Campos da Coutada de Parada, Os
Canaferlas
Canceleira de Arriba
Canceleira do Pelatripas ou de Abaixo
Canexa de Laredo de Abaixo, A
Canexa, A
Canexa, A
Canizo do Sitio, O
Cantil de Socruceiro, O
Carballeira do Adro, A
Casa de Abaixo dos Colazos, A
Casa de Fóra, A

Casas de Baixo de Bouzagarcía, As
Casas do Porto, As
Casas Vellas do Outeiro do Cubillón, As
Casiñas da Meda, As
Ceboleira, A
Centieira, A
Centieiras do Baceo, As
Centieiras, As
Cetaria, A
Chan de Abaixo, A
Chan de Arriba, A
Chan do Achado, A
Chan do Cubillón, A
Chan, A
Cidadelle
Cocho da Regueira, O
Cocho da Viña, O
Cocho de Angorén, O
Cocho de Miguel, O
Cocho de Tizón, O
Cocho do Cubillón, O
Cocho do Muro, O
Cocho do Sitio, O
Cocho Redondo, O
Con da Meda, O
Cornello de Enriba da Dárzana, O
Cornello do Río, O
Cornido, O
Corredoura da Barracrista
Corredoura da Coutada
Costa da Barracrista, A
Costa da Rabexa, A
Costa, A
Costa, A
Coutada de Parada, A
Coutada Grande, A
Coutada, A
Cova da Vella, A

Cristo da Igrexe
Cruceiro do Cristo da Encarnación
Cubillón de Abaixo, O
Cubillón de Arriba, O
Cubillón, O

D

Dársena Nova, A
Dársena, A
Devesa da Centieira, A
Devesa de Arealonga, A
Devesa de Arealonga, A
Devesa do Cubillón de Arriba, A
Devesa, A
Don Antón

E

Eiras Baixas
Eiras de Parada, As
Enriba do Sitio
Entrecamiños
Entremedias de Alá do Leitón, As
Entremedias de Aquí do Leitón, As
Enxido da Eira, O
Escalas do Basaco, As
Estaca, A

F

Fiáns
Fiáns de Abaixo
Fiáns de Arriba
Fondo de Laredo
Fondón da Grila, O
Fonte do Surtidor
Fonte e Lavadouro da Grila
Fonte e Lavadouro de Laredo de Arriba
Fonte e Lavadouro do Basaco
Freixa, A

G

Gorgullón de Canaferlas, O
Grande, A
Granxa da Devesa, A
Granxa do Valiño, A
Granxa, A
Granxiña dos Machos, A
Grilas, As

H

Hortiña, A
Hortiñas, As
Hortizal, O

I

Igrexa Nova de San Fausto de Chapela
Igrexa Vella de San Fausto de Chapela
Igrexa, A

L

Lagarella, A
Lagarellas do Alto, As
Larediño
Laredo
Laredo de Abaixo
Laredo de Arriba
Laxe Partida, A
Laxes da Ribeira, As
Leitón de Abaixo, O
Leitón de Arriba, O
Leitón, O
Lombardía
Lombardía de Riba
Lombardía do Abade
Lugar da Ponte de Arealonga, O
Lugar da Vispeira, O
Lugar Vello da Rabexa, O
Lugar Vello do Leitón, O

Lugares das Chachiñas, Os
Luído, O

M

Mar da Dárzana Nova, O
Mar de Avante da Punta, O
Mar do Río do Esteiro, O
Mar do Secador
Mar do Sur da Punta, O
Monte da Vispeira, O
Monte de Bouzagarcía, O
Monte Grande, O
Monte Pequeno, O
Montiño de Sicalques, O

O

Ostreira do Río, A
Ostreiras do Norte, As
Ostreiras do Sur, As
Outeiro de Fiáns, O
Outeiro do Cubillón, O

P

Pampillona do Souto, A
Pampillona, A
Parada
Paradiña
Pardomuro, O
Pasán
Pasán da Costa
Pasán da Igrexa
Pasáns, Os
Peirao da Praíña
Peirao da Rampla
Peirao, O
Pinal Novo, O
Pombal, O
Ponte da Bouza

Ponte de Abaixo, A
Ponte de Angorén
Ponte de Arriba, A
Ponte Vella de Angorén
Ponte Vella, A
Porto de Chapela
Pozas, As
Pozo, O
Praia da Area dos Penedos
Praia de Arealonga
Praíña da Dársena
Praíña do Canto
Praíña do Cubillón
Presa de abaixo do Cubillón
Presa do Lago
Presa Grande de Sicalques
Punta das Avanzadas
Punta do Secador
Punta, A

Q

Quinta, A
Quinteiro de Arriba, O

R

Rabexa, A
Rañagatos
Regadouro, O
Regato da Pía
Regato da Ribeira
Regato da Vispeira
Rego, O
Regueira, A
Ribeira da Meda, A
Ribeira de Angorén, A
Ribeira de Rañagatos, A
Ribeiriña do Cubillón, A
Ribeiro da Meda

Río da Ponte
Río da Regueira
Río do Almacén
Río do Espiñedo
Río do Esteiro, O

S

Sanguñeira, A
Secador Novo das Artes, O
Secador Vello das Artes, O
Sicalques de Embaixo
Sicalques de Enriba
Sitio de Fóra, O
Sitio de Lugar da Chan, O
Sitio Vello da Coutada, O
Sitio, O
Sitio, O
Soutiño, O
Souto da Cova da Vella, O
Souto do Lavadouro, O

T

Terranova
Terranova do Sur
Torreiro, O
Tralaviña, A
Tras do Resío, O

V

Veiga do Carreiro, A
Veiga do Cocho, A
Veiga do Eido, A
Veiga do Sitio do Norte, A
Veiga do Sitio, A
Veiga do Sorreguío, A
Viña da Eira, A
Viñas da Ría, As
Vispeira de Abaixo, A

Vispeira de Arriba, A
Vispeiras, As
Volta de Angorén
Volta Pequena de Angorén, A
Volta, A

X

Xapón do Rialíño, O
Xapón, O

